

A TRABE DE OURO

PUBLICACIÓN GALEGA DE PENSAMENTO CRÍTICO



TOMO I./ ANO XXIV./ 2013
Xaneiro • Febreiro • Marzo

SOBRE MARGOT SPONER

Antón Figueroa

«MÍREME BEN... BÁIXESE BEN».
DO ENFERMO COMO «AUTOR» AO
MÉDICO COMO «CRÍTICO LITERARIO»

Emilio González Fernández

ENSAIO SOBRE A GLOBALIZACIÓN E
O IMPERIALISMO CULTURAL

Iván Olmos Ferreiro

POEMA INACABADO

Gabriel Ferrater

*BREVES REFLEXIÓNS SOBRE
OS ESCRITORES E OS XORNALISTAS.*
DISCURSO DE INGRESO NA RAG DE
XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO.
RESPOSTA DE MANUEL RIVAS

Xosé M. Salgado

XESÚS VÁZQUEZ ABAD:
CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
(ENTREVISTA)

Olegario Sotelo Blanco

PROGRAMA PARA A PRESIDENCIA DA
REAL ACADEMIA GALEGA

Manuel González González

SOBRE MARGOT SPONER

Antón Figueroa

En novembro de 1926 a revista *Nós* (n.º 35, p. 10) na sección «Os homes, os feitos, as verbas» insire unha nota onde dá conta de que unha filóloga alemá graduada na Universidade de Berlín chamada Margot Sponer «ten cáxeque rematado un traballo de moito volume en col do galego antigo» e «conta adicar outro ô galego moderno, pra o qual xa recadou ben datos». Ao ano seguinte, en xaneiro, *Nós* (n.º 37, pp. 2-3) publica un pequeno traballo de Margot Sponer sobre o galego («Algunhas notas dos meus estudos de filoloxía galega») xa datado en Berlín. Foron estas mencións en *Nós* as que inicialmente me levaron, primeiro a indagar sobre a personalidade desta investigadora, e logo a entrever unha figura científica de notable importancia para a historia da ciencia filolóxica galega: anos despois, o 20 de xuño de 1935, defende na Facultade de Filosofía da Friedrich-Wilhelms Universität¹ unha

¹ Esta universidade foi fundada a principios do século XIX por Wilhelm von Humboldt (irmán de Alexander Humboldt) e chamouse Friedrich-Wilhelms Universität deica pasada a segunda guerra mundial. Entón recibiu o nome actual Humboldt-Universität zu Berlin.

tese de doutoramento co título *Altgalizische Urkunden*² (Documentos do galego antigo), unha das primeiras teses sobre a lingua galega, se non a primeira. A tese presentábase no ámbito científico dun dos centros máis prestixiosos da romanística naquela época o «Romanisches Seminar», que dirixía o profesor Gamillscheg.

Pero á parte da súa valía científica, Margot Sponer posuía unha personalidade de firme dignidade e valentía que a levou a loitar contra o nazismo e a unha morte trágica no conculso Berlín da primavera de 1945. Quixera pois neste traballo ofrecer aos lectores d'*A Trabe de Ouro* algúns datos aínda parciais sobre a traxectoria bastante descoñecida desta investigadora e recuperar dalgunha maneira para a cultura galega a súa memoria.

Margot Sponer naceu³ o 10 de febreiro de 1898 en Neisse⁴ (Vogt 2011: 139). Ela era a cuarta de cinco irmáns nunha familia luterana de clase media dedicada ao comercio (tiñan unha papelería), segundo indica a biógrafa da súa irmán maior Hertha⁵ (Maushart 2011: 1). Case non dispoñemos de datos sobre a súa biografía escolar, a non ser os que ela mesma aporta nun brevísimo currículo⁶ (ao que fai referencia A. Vogt nos seus estudos) que inserta no volume da súa tese. Realizado o exame de Bacharelato en 1919, Margot Sponer puido realizar unha completísima formación en varias universidades europeas. No citado currículo non se indica onde foi a súa graduación, pero, en novembro de 1926, cando a revista *Nós*

² O meu agradecemento para F. X. Redondo que me axudou a acceder a este texto.

³ Moitos dos datos que coñecemos da biografía Margot Sponer, sobre todo os relativos á súa vida en Alemaña, proceden de dous traballos publicados por Annette Vogt, unha investigadora do Instituto Max Plank para a Historia da ciencia. O primeiro deles (Vogt 2001) publicado na web ofrece sobre todo unha biografía académica tirada dos arquivos universitarios berlineses. Nunha segunda publicación (Vogt 2007), a investigadora engade datos novos relativos sobre todo á morte de Margot Sponer. Este segundo traballo aparece traducido ao inglés (Vogt 2011, será a versión que citarei) e publicado como un capítulo engadido (4.8) na tradución inglesa publicada na Universidade de Duke (USA) dunha biografía moi completa de Hertha Sponer (Maushart 2011), irmán de Margot, realizada por Marie-Ann Maushart primeiramente en alemán (1997).

⁴ Así se chamaba a actual cidade de Nysa (uns 45.000 hb.) pertencente a Polonia e situada preto da fronteira coa República Checa, que entón formaba parte da Silesia alemá. Esta antiga Neisse non ten que ver co río homónimo que delimita, xunto co Oder, a fronteira xermano-polaca dende 1945.

⁵ Hertha foi unha das primeiras mulleres en entrar na universidade alemá. Sería despois unha investigadora de primeira liña en física. Traballou primeiramente en Göttingen (entre 1921 e 1933) no equipo de James Frank, premio Nobel de Física en 1925. Coa chegada do nacionalsocialismo ao poder (1933), as cousas empezan a pintar moi mal para Hertha (o fogar era para a mentalidade dos nacionalsocialistas o sitio «natural» da muller e de feito o novo goberno deseguida retrae as posibilidades das que traballaban na función pública (Maushart 2011: 59). Por ser xudeu, as cousas non fan mellor para o seu mentor J. Frank, quen, despois dunha estancia corta en Dinamarca, emigra aos USA a onde o seguirá a súa discípula coa que logo casaría. Os dous traballarían en Duke onde precisamente se edita a versión inglesa desta biografía de H. Sponer á que nos referimos.

⁶ Esta tese, que podemos consultar, «Altgalizische Urkunden», transcribe documentos galegos dende o ano 938 a 1494. Está redactada en castelán pero utiliza o alemán na páxina inicial de título e na páxina final onde aparece este currículo do que damos unha tradución:

Eu, Margot Sponer, nacín o 10 de febreiro de 1898 en Neisse (Alta Silesia), filla de Robert Sponer e da súa dona Elsbeth, de solteira Heerde. En 1919 pasei como alumna externa o exame de bacharelato no liceo de Quedlinburg. Inicialmente estudei Filoloxía Clásica e a continuación fixen estudos de Romanística e Xermanística nas universidades de Halle, Leipzig, Nápoles, Grenoble, Madrid e Berlín. En 1931 presentei o exame oral para Doutorado na Friedrich-Wilhelms Universität con un maior de Romanística e un minor de Árabe, un ano máis tarde pasei o exame de estado para o ensino medio con francés e alemán como temas principais. Longos e frecuentes viaxes a Francia, Italia, España, Portugal e Alxeria completaron os meus estudos.

O meu máis sincero agradecemento a todos os meus mestres e sobre todo aos meus profesores Eduard Sievers (+) et Ernst Gamillscheg.

(n.º 35: 10) dá noticia do seu traballo filolóxico en Galicia, preséntaa como graduada na Universidade de Berlín.

Acabados os anos de formación universitaria, o tema da súa tese parece estar pronto decidido; a investigación comeza en 1924 e prolóngase varios anos despois, segundo ela mesma indica na introdución en «varias» estancias na península (Sponer 1935b: 1). O estudo céntrase na transcripción paleográfica dunha serie de documentos do galego medieval que Sponer consulta no Archivo Histórico Nacional de Madrid na súa maior parte, e tamén en Galicia (Concello da Coruña, Catedral e Seminario de Santiago, Concello de Ourense e algúns en coleccións privadas). O traballo segue «el método aplicado por Menéndez Pidal en los *Documentos lingüísticos del Reino de Castilla*».⁷ De feito durante as súas estancias en Madrid contactou con investigadores desta escola posto que na mesma pasaxe que estamos citando (ib.: 3) agradece a axuda que lle brindou Federico Ruiz Morcuende que era, dentro deste grupo, un membro da denominada por algúns «generación del 14» con Navarro Tomás, Américo Castro ou García de Diego... (Abad Nebot 2010: 111). Tamén en Madrid Sponer asina unha recensión moi documentada da 15ª edición (1925) do *Diccionario de la lengua española* (indicando as súas principais novidades e mesmo algúns erros), que publicaría en *The Modern Language Journal* (Sponer: 1927b).

Estas estancias na península parecen polo momento terminar en 1926 cunha viaxe a Galicia para completar o estudo de documentos medievais, traballo «caxeque rematado» por estas datas, e tamén para acadar «nas suas endanzas pol-as aldeas» (*Nós* 1926: n.º 35, p. 10) mostras da lingua viva e de relatos populares. Desta estancia e actividades en Galicia consérvanse testemuños á parte desta mención en *Nós*. Os xornais galegos da época ofrécennos algunha información. *El Progreso: Semanario independiente* (1926, 12-10) de Pontevedra fai referencia aos seus estudos de dialectoloxía e *El Pueblo Gallego* (1926: 2, 10-10) nunha columna dedicada ao Seminario de Estudos Galegos menciona a Margot Sponer entre os novos socios propostos o nove de outubro deste mesmo ano.⁸ Tamén Fermín Bouza-Brey (1954: 164) menciona a investigación de Margot Sponer por estas datas. A finais deste mes de outubro, Margot escribe unha carta á RAG (*Boletín* 1926) agradecendo as atencións recibidas e as facilidades que aquí atopou para as súas investigacións e anuncia a súa próxima saída de Galicia. A finais de ano escribe, xa dende Berlín, unha postal a Vicente Risco⁹ para felicitalle o novo ano de 1927 e para saber se o artigo que enviara (mencionado ao principio deste traballo, *Nós* 37, pp. 2-3) ía ser publicado. Indica ademais que o novo traballo que atopou lle impedira elaborar as notas tomadas en Galicia. Segundo os datos que ofrece A. Vogt (Maushart 2011: 140), a partir destas datas e deica 1933, Margot ensinaba español na Universidade de Berlín ao mesmo tempo que preparaba a súa tese de doutoramento sobre os documentos do galego antigo no «Romanisches Seminar» cuxa sección hispánica dirixía Ernst Gamillscheg. De feito aparece mencionada nunha das cartas de Pierre Bertaux¹⁰ (2001:

⁷ Refírese ao traballo de Ramón Menéndez Pidal (1919). M. Sponer fará unha edición dos documentos galegos, incluso formalmente moi semellante á de M. Pidal.

⁸ Ver tamén Mato (2001: 150).

⁹ Agradezo este documento ao Arquivo da Fundación Vicente Risco.

¹⁰ Pierre Bertaux (1907) estuda alemán na École Normale Supérieure e especialízase en Hölderlin. Durante a ocupación foi membro moi activo na resistencia na zona de Toulouse. Logo da liberación, despois dalgunha actividade na política, retornou ao ensino; foi profesor en varias universidades francesas entre elas a Sorbona.

241), un xermanista francés a quen o filólogo alemán invitou a dar algún curso en Berlín en novembro de 1928. Segundo conta Bertaux, foi Sponer quen o recibiu no seminario «d'un ton sec» e lle indicou que debería esperar para ver o profesor.

Margot Sponer recibiu en Berlín por estes anos a visitantes galegos moi notables. Un deles foi Felipe Fernández Armesto quen chega pensionado a Berlín en 1929. Armesto, que xa viña escribindo con certa regularidade en *El Pueblo Gallego*, envía a principios do ano seguinte unha crónica (Fernández Armesto, 1929) dedicada a Margot Sponer referindo o seu gran coñecemento de Galicia e da súa lingua e o seu traballo como alumna e profesora de español na Universidade e gabando tamén a súa tese en preparación. O bolseiro Fernández Armesto este mesmo ano transfórmase en Augusto Assía e comeza a enviar as súas crónicas dende o Berlín da República de Weimar para *La Vanguardia* de Barcelona e farao ata que a toma do poder polo partido nazi (NSDAP) faga que sexa expulsado de Alemaña. Con frecuencia destaca o labor de intercambio cultural realizado polo «Romanisches Seminar», os persoeiros de fala española que son convidados a dar conferencias e mesmo ás veces describe polo miúdo os proxectos de intercambio de alumnos e profesores e a actividade docente:

He aquí, porque los datos son más elocuentes que cuanto yo pueda decir, como se preparará durante el semestre, que comienza estos días, a los alumnos del «Romanisches Seminar». El mismo profesor Gamillscheg explicará una clase de «Sintaxis de la Lengua Española», el lector de español de la Universidad, Felipe Fernández Armesto, explicará dos cursos de idioma español y otro de literatura española, y aparte de esto es posible que algún cursillo monográfico, la Docente señorita Sponer dará dos cursos de iniciación al castellano, además se celebrará lo que se llama conversaciones en círculo. (Assía 1929)

O cronista indica a continuación os convidados previstos este mesmo ano para dar conferencias entre os que se atopan Eugenio d'Ors, Eugenio Montes «y el mismo Lector de español de la universidad, Fernández Armesto, dará una conferencia sobre Ramón Gómez de la Serna» (ib.). Refírese a continuación aos proxectos de Gamillscheg de intercambio de profesores.

Entre os máis notables que deron conferencias ou impartiron docencia no «Romanisches Seminar», encontramos a Francisco Ayala, Xavier Zubiri (que trabaría amizade con Einstein, cf.: Corominas 2006: 234) ou Américo Castro¹¹ que sería o primeiro Embaixador en Berlín logo de proclamarse a República en España en 1931. Entre os galegos, á parte de Montes e Fernández Armesto deseguida chegarían Luís Tobío e Vicente Risco: ámbolos dous, aínda que dende puntos de vista e mentalidades xa ben diferentes, tamén deixan nos seus escritos testemuño da súa relación coa Universidade de Berlín e con Margot Sponer. Lois Tobío chega segundo el mesmo conta (1994: 213), o 14 de novembro de 1929 e hospédase na pensión da Sra. Tornegg onde tamén paraba Fernández Armesto e Francisco Ayala e onde máis tarde tamén encontraría aloxamento Vicente Risco. Tobío (ib.: 231) describe desta maneira o comezo do seu contacto co «Romanisches Seminar» e o seu encontro con Margot:

¹¹ Zubiri coñecería en Berlín precisamente dando unha conferencia no «Romanisches Seminar» a Carmen Castro, filla de Américo Castro, coa que máis tarde casaría (Corominas 2006: 230). Algo moi parecido acontece con Francisco Ayala que tamén coñece a súa futura dona nas mesmas circunstancias (Ayala 1988: 166).

Armesto, que era adxunto do lector de español do «Romanisches Seminar» da universidade, presentoume neste un día ao profesor Ernst Gamillscheg, o seu director, austríaco, que viña ser coma un cónsul cultural dos universitarios e escritores de linguas románicas que estabamos en Berlín. Era un home coma de cincuenta anos ou pouco máis, moi á lei vella no seu trexeito e trato coa xente, acolledor e de contida cordialidade, conservador pero nada extremoso, comprensivo e gran señor. Falamos de cousas de Galicia, que lle interesaban coma todo o da Romanía, do Seminario de Estudos Galegos e do que este andaba a facer. Presentoume ao seu axudante, o profesor Reichenkrone, e máis adiante coñecerei tamén a outros seus colaboradores coma Margot Sponer que andaba a realizar estudos encol da nosa fala: algún tempo despois irá a Galicia facer traballos de campo e terei entón coela unha conversa moi ilustrativa sobre fonética galega pois descubrira algúns fonemas en que non tiveramos reparado coma o do ö alemán (ou eu francés) que se dá, por exemplo, na palabra «ferruxe».¹² Margot era unha rapaza máis ben pequena e delgada, moi churrusqueira e graciosa e moi seria e competente no seu labor.

O autor parece aludir a unha posterior viaxe de Sponer a Galicia da que non atopei referencias. Talvez se trate dunha confusión da redacción non moi clara neste punto. Quen si viría a Galicia sería Gamillscheg no contexto dunha viaxe realizada en 1931 en compañía do profesor Reichenkrone¹³ segundo escribe Tobío (1994: 233) para pronunciar unha conferencia «Galicia y la historia lingüística de los visigodos».

Na primavera do 1930, Margot Sponer tamén recibe a Vicente Risco (1931: 232) en Berlín:

Todo os galegos coñecen já á Margot Sponer que traballa no Romanisches Seminar, estuda o galego e colaborou en NÓS. Eu debía agardar á Margot Sponer ás sete do serán, na porta da aula núm. 100 da Universidade. Alí Margot Sponer daba un curso de castelán. Fun. Deron as sete, abriuse a porta, surtiron rapazas e rapaces co-as suas carteiras, e por fin surteu Margot Sponer en compañía dun rapaz chileno.

Viña moi leda e rideira, c'un vestido azul d'ises de pelerina. Saudámonos, riu, falou, preguntou por todol-os galegos coñecidos e, volta providenza miña, sen para de falar, arrancou n-un pulo comigo e co chileno, baixamos correndo as escaleiras, surtimos á Unter den Linden...

Risco conta no seu diario como Margot o presenta ao Dr. Gamillscheg e lle axuda nas súas investigacións en Berlín. Ela móstralle o traballo que estaba facendo para a súa tese sobre os documentos galegos que está preparando cunha máquina de escribir para a que mandara facer tipos especiais para a transcripción paleográfica.¹⁴

¹² En galego neste caso, o 'f' produce por contaminación un 'e', alófono labializado, moi próximo aos fonemas do alemán e do francés que indica Tobío. Manuel González, a quen agradezo estes datos, indícame que hai zonas dialectais onde incluso aparece unha forma «forruxe». A observación de Sponer era bastante acertada naqueles momentos da ciencia lingüística. Nota miña.

¹³ A revista *Nós* (1931: 195) documenta o día 29 de setembro «un cursillo de tres leccións ô cargo do Prof. Ernst Gamillscheg director do «Romanisches Seminar» de Berlín encol do tema «Primeiros contactos entre xermáns e románs.-Influxos culturais dos románs sobre as tribus xermánicas.-Establecemento dos visigodos e suevos na península ibérica». *Nós* anuncia no mesmo número o acordo de invitar a Reichenkrone. De feito a memoria do SEG de 1934 (Seminario de Estudios Gallegos 1934: 48) anota a conferencia de Gamillscheg en 1931 e a de Reichenkrone en 1932. Ao mes seguinte, o profesor alemán visita o Centro de Estudios Históricos que dirixía Menéndez Pidal para pronunciar outra conferencia sobre o mesmo tema (*ABC* 1931). Gamillscheg mantiña relación con este centro onde xa estivera invitado en 1928 (*ABC* 1928). Margot Sponer recibira apoio do centro durante a súa estancia de investigación en Madrid.

¹⁴ Na correspondencia manterá Sponer con Francesc de B. Moll en 1935, impresor da súa tese en Palma de Mallorca, puiden comprobar como ela utiliza esta máquina de escribir con tipos especiais para indicar determinadas correccións das probas.

O proceso de realización da tese prevé un exame oral que Sponer realiza o 23 de xullo de 1931, segundo indica Annette Vogt nos dous traballos citados, e tamén segundo constatamos no exemplar publicado e presentado como tese en 1935. Margot continúa dando clases de español na Universidade co mesmo status de estudante de doutorado deica 1933 en que se produce a toma do poder polos nazis. Vogt (2011: 140) supón que nesta data Sponer abandona Alemaña¹⁵ e viaxa «polo menos intermitentemente» a España mentres prepara a súa tese.

En todo caso en 1933 Margot atópase en Palma de Mallorca pois ao ano seguinte no primeiro número do *Bolletí del Diccionari de la Llengua catalana* (1934: 159) que dirixía Francesc de Borja Moll aparece unha nota na que se indica que «Fa alguns mesos que rebérem també la visita d'una altra catalanòfila estrangera, la Srta. Margot Sponer, encarregada de curs a la Universitat de Berlín, que vingué a Mallorca per completar amb la confrontació de manuscrits el seu estudi i edició crítica del *Llibre de Consolació d'ermità*, obra del nostre Ramon Llull». Esta edición crítica sería publicada en Barcelona en 1935. O propio Moll (1935: 138-139) fará unha recensión no número seguinte da mesma revista valorando o feito de que o traballo de Sponer sexa o primeiro que se fai dunha obra de Llull contando con tódolos manuscritos coñecidos aínda que o elixido para transcribir é o *Ms. 8 inf.* da Biblioteca Ambrosiana de Milán. Segundo indica a recensión, a revista *Estudis franciscans* vén de celebrar o centenario do nacemento de Llull «amb la publicació d'una voluminosa *Miscel·lània Lul·liana* en la qual col·laboren els principals lul·listes catalans i estrangers» da que a edición de Sponer forma parte. Moll destaca o rigor de Sponer na transcripció aínda que crítica o feito de que, estando escrito o texto introdutorio en alemán, utilice o catalán para as equivalencias do glosario final.

Pero ao mesmo tempo, Margot estaba traballando na súa tese sobre os documentos galegos en contacto coa *Oficina Romànica de Lingüística i Literatura* que dirixía de feito o xesuíta Josep Calveras segundo indica Narcís Iglésias (2005: 325 e 2007: 25) nos seus estudos sobre esta institución.¹⁶ Na súa revista (*Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura*, AOR) a profesora alemá proxectaba publicar a transcripció paleográfica da súa colección de documentos galegos en dúas entregas. En 1934 aparece a primeira co título «Documentos antiguos de Galicia» que é a xeralmente citada e valorada.¹⁷ A publicación presenta unha dobre paxinación, a superior de 0 a 89 e outra paxinación inferior de 113 a 192 correlativa co resto da revista. Segundo indica N. Iglésias (2005: 326, nota 57) no fondo Calveras da Biblioteca Balmes aparece xa impresa a portada do volume VIII prevista para ser publicada en 1936 pero que nunca vería a luz, xunto cun mapa de Galicia que debería acompañar a segunda parte do traballo de Sponer.

¹⁵ En todo caso a biografía de Hertha (Maushart 2011: 80) indica que esta enviou a Berlín en 1934 o texto dunhas conferencias que debía pronunciar en Madrid para que Margot llas traducise ao español.

¹⁶ A Oficina Romànica estaba constituída por un grupo de estudosos da lingua e da literatura catalás e impulsada polos xesuítas que, como resposta ao catalanismo cultural e aos partidos políticos, decidiron unha serie de medidas catalanizadoras da súa actividade. Narcís Iglésias (2004: 171 e 2005: 290) explica o carácter científico dos seus proxectos filolóxicos e tamén as súas connotacións ideolóxicas. Josep Calveras foi un dos principais impulsores desta institución que seguiu traballando en Barcelona aínda despois da disolución dos xesuítas en 1932. En 1936 acaba a actividade da OR.

¹⁷ Dámaso Alonso (1972: 129), por exemplo, fala do «coidadoso criterio paleográfico» co que Sponer editou estes documentos.

Non obstante, con vistas á presentación da tese en Berlín, impresa seguramente porque un dos seus méritos é a transcripción paleográfica, Margot segue a preparar a segunda parte na imprenta de Francesc de B. Moll en Palma de Mallorca coa colaboración e supervisión de J. Calveras segundo puiden deducir pola correspondencia á que tiveren acceso.¹⁸ Margot escribe a Calveras desde Palma para solucionar todo tipo de problemas da impresión do texto, algúns ás veces económicos que non é cuestión de lembrar aquí. Margot abandona Palma a comezos de abril de 1935, anuncia a Calveras o seu paso por Barcelona o día 5 para saudalo na OR e que ese mesmo día parte cara a Berlín vía París. O resto da correspondencia sobre todo con Moll prodúcese dende Berlín. A data da tese parece estar fixada para finais de maio e o texto está sen terminar de corrixir. Margot escribe á máquina a Moll para lle indicar as correccións a facer, cada vez máis inqueda, rexeitando ás veces, esixindo repeticións, discutindo con Moll sobre de quen é a culpa (e quen ten que pagar o traballo suplementario), recorrendo a Calveras e invocando a autoridade de Gamillscheg («El Sr. Gamillscheg quedó perplejo al ver las hojas que le devuelvo», di nunha das cartas), etcétera. Parece que estaba previsto imprimir un glosario que finalmente non aparece. En fin, todo ben explicable nestas circunstancias en que os prazos apuraban. Margot Sponer tivo que solicitar que se lle cambiara a sesión de presentación da tese primeiro para maio e logo para xuño. Na páxina de título, sobre a primeira data prevista de lectura (20 de maio) aparece sobreimpreso cun cuño o mes seguinte.

O conxunto do texto impreso é finalmente presentado en Berlín do día 20 de xuño de 1935 como tese de doutoramento cun título en alemán *Altgalizische Urkunden* como xa indiquei. Inclúe a reprodución exacta do xa publicado en Barcelona pero suprimindo a paxinación inferior correlativa do AOR e engadindo un notable número de páxinas ata sumar 248. O texto da tese presenta ademais un índice xeral ao principio, e ao final, un índice cronolóxico de documentos e unha clasificación por provincias. Finalmente aparece unha reprodución do mapa de Galicia, probablemente o mesmo que menciona N. Iglésias na súa nota, indicando os lugares onde se outorgaron os documentos. A páxina de título e o breve currículo final que xa traducimos responden ás formalidades de presentación da tese que obtivo a cualificación máxima.

A obtención do doutoramento fai que Sponer acade un posto como docente de español na Universidade de Berlín en abril de 1937 na Facultade de Filosofía¹⁹ e outro posto de profesora de español na Facultade de Estudos Estranxeiros (Auslandswissenschaftliche Fakultät) inaugurada en 1940. Nesta época, e segundo o seu expediente na Universidade de Berlín, foi autorizada para realizar dúas viaxes de investigación a España (en 1940 do 15-10 ao 1-11 e en 1941 de setembro a outubro) das que non sabemos máis nada. Parece ser tamén que por estas datas tivo un problema coa Gestapo que superou (Vogt 2011: 141).

En 1942, o Ministerio de Educación decreta o seu despedido da facultade, confirmado despois de recursos interpostos por Sponer ante o ministerio. O pretexto que se invoca é o de incompatibilidade co director do Departamento de español Sr. Noeli segundo indica

¹⁸ Debo esta correspondencia entre M. Sponer - F. de B. Moll (Fondo Moll, Arquivo do Reino de Mallorca) e entre Sponer - J. Calveras (Fondo Calveras da Biblioteca Balmes de Barcelona) á xenerosidade de Narcís Iglésias que me facilitou copia destes documentos inéditos. O meu agradecemento.

¹⁹ Segundo indica A. Vogt (2001) a antiga Facultade dividírase en dúas: unha para ciencias e matemáticas e outra «filosófica».

Vogt (2011: 141) que non ofrece máis datos. Outra investigadora (Bott 2009: 124) evoca diferenzas entre ambos profesores por razóns pedagóxicas.

Non é difícil imaxinar polo tanto o ambiente irrespirable da Universidade nazificada e máis en particular o do departamento onde ensinaba Sponer que pola súa parte era decididamente antinazi, como veremos. O propio Tobío (1994: 233-234) descríbese así:

Cando, en 1933, sendo xa Hitler chanceler, volva eu pasar por Berlín na viaxe de estudos da Carreira, atoparei outravolta a Gamillscheg na recepción que o «Auswärtiges Amt»²⁰ nos ofreceu no Hotel Kaiserhof: alí estaba o meu amigo, convidado, sen dúbida, por hispanista. Pareceume unha miga amorrado e, ao que me veu, colleume do brazo e levoume para un recanto e comezou a desafogarse contra do goberno e do comisario que puxeran na universidade, do que me dixo que era un canalla e un criminal que andaba a desfacela coas depuracións de xudeus e esquerdistas, asegurándome que a universidade de Berlín xa non era un centro de saber senón unha oficina de propaganda nazi.

É moi posible que o comentario de Gamillscheg a Tobío se referira ao decano da Facultade dende 1933, un nazi convencido (Vogt 2001).²¹ Cando, en 1942, Sponer é expulsada da universidade, o ensino do español parece estar en gran parte controlado polos nazis a través de Falange Española, como agora veremos, e destinado a uns alumnos moi específicos. Vexamos parte dunha crónica de *El Norte de Castilla* do mes de xaneiro deste ano titulada «Lenguas y culturas del mundo luso-hispano e ibero-americano en la Universidad de Berlin» na que describe os cursos de español:

La importancia que en la enseñanza superior alemana continúa concediéndose al estudio del español y portugués, así como de la historia y cultura de España, Portugal y los países ibero-americanos, vuelven a confirmar los programas del semestre en curso de las universidades y demás institutos de altos estudios del Reich [...]

Facultad de Estudios extranjeros: Profesor doctor Quelle, La vida económica de los países iberoamericanos. El elemento alemán en Iberoamérica. Los espacios económicos en Iberoamérica. Doctor Dane, Portugal y el Brasil.

Veintitres cursos de lengua española (cursos introductoros, estilísticos de conversación, traducción, lectura de textos, etcétera) a cargo del profesor Noeli, señora Celia Giménez, doctora Sponer y doctor Orihuela.

Dentro de un curso especial de lenguas y culturas iberoamericanas dirigido por el doctor Gamillscheg, se han organizado dos cursos de español, a cargo de la doctora Sponer y tres cursos de portugués [...]

Dado el interés que el elemento estudiantil alemán —un gran número de estudiantes llamados a filas está con permiso durante la pausa invernal de las operaciones en el frente oriental— por cuanto se relaciona con los países de habla española y portuguesa, los cursos de referencia están muy concurridos. Cabe aquí destacar una vez más que el decreto del ministro de Educación del Reich fechado del 22 de Marzo de 1937 relativo a la preferencia que en la enseñanza superior alemana debe darse al estudio de la historia y cultura de los países de habla española y portuguesa, ha logrado los efectos esperados.

O Teodosio Noeli mencionado foi un profesor de español na Universidade de Berlín relativamente «popular» por ser autor de dicionarios manuais²² de alemán-español/español-

²⁰ Asuntos Exteriores.

²¹ Trátase de Ludwig Bieberbach, moi coñecido no ámbito das matemáticas, que perseguíu os seus colegas xudeus.

²² Nun deles, un manual de conversación de 1952, pódese ler despois do seu nome: «exprofesor de la Facultad de Estudios Extranjeros de la Universidad de Berlín».

alemán, manuais de conversación, etcétera, publicados pola coñecida editorial Langenscheidt. Foi profesor e lector de español durante anos xa na época de Fernández Armesto (de la Hera 2002: 190), pero ademais durante os anos do poder nazi e durante a guerra tivo unha actividade política enmarcada na Falange Española: Noeli foi un dos seus dirixentes en Berlín (Bowen 2000: 86) en estreita colaboración co Instituto ibero-americano (ib.: 49) que dirixía o xeneral von Faupel, que fora o primeiro representante diplomático nazi ante o goberno de Franco.²³ Baixo pretexto de intercambios culturais este Instituto fomentaba as relacións e intrigaba cos elementos máis radicais da Falanxe (Bowen 2000: 14), pero buscaba tamén influencia nos países latinoamericanos incluídos os de fala portuguesa. Neste sentido o texto que acabamos de citar de *El Norte de Castilla* parece claramente mostrar, empezando polo seu título, a mentalidade deste Instituto, e debeu ser redactado neste contexto. Teodosio Noeli segundo indica Bowen (ib.: 97) «traballou ademais en estreita colaboración coa intelixencia militar alemá para obter información sobre os exiliados españois no estranxeiro».

No texto que transcribo de *El Norte de Castilla* aparece dando cursos de español na Facultade de Estudos Estranxeiros outro personaxe notable. Trátase de Celia Giménez que era a xefa da Sección Femenina da Falange Española en Alemaña. Celia Giménez Costeira era viúva dun aviador falecido combatendo no campo nacional durante a guerra civil española. Trasládase a Alemaña ao final da guerra civil e colaboraba con Faupel no Instituto ibero-americano (Bowen 2000: 86). En 1941 acompaña a Pilar Primo de Rivera na súa visita a Berlín (*ABC* 1941: 11). Era coñecida como «Madrina de la División Azul» porque tiña unha emisión diaria de radio dirixida aos soldados onde lles daba noticias de España, lles lía cartas dos seus familiares, etcétera. En xornais da época aparece visitando os soldados españois feridos en hospitais alemáns. Non temos constancia en ningún outro lado que confirme que Celia Giménez tivese un posto docente na universidade mesmo durante a época nazi como é o caso de Noeli. Con todo, o feito de que apareza no xornal é revelador.

Aínda que non temos máis datos, resulta probable que as disensións de Sponer con este profesor fosen máis aló de problemas pedagóxicos. Vemos como o ensino do español e do portugués e os propios profesores Gamillscheg e Sponer son dalgunha maneira utilizados polo entono nazi do Instituto ibero-americano o que volve confirmar as afirmacións de Luís Tobío.

Expulsada da Universidade, Sponer gañaba a vida facendo traducións para empresas e para o Ministerio de Asuntos Exteriores, explica A. Vogt (2011: 141) quen, segundo datos obtidos da biografía da súa irmán Hertha (Maushart 2011) e de conversas con descendentes da súa familia, destaca o seu forte sentimento antinazi, a súa axuda a xudeus perseguidos ademais de aducir un testemuño (ib.: 142) que indica a súa pertenza ao movemento clandestino antinazi.

Annette Vogt (2011: 142.) menciona nos seus textos a axuda que Sponer prestou a un preso francés, Bernard Morey, sometido a traballo forzado no campo de concentración de Neuengamme. Estes datos leváronme a indagar sobre personalidade de Bernard Morey que foi un membro destacado da Resistencia francesa e a descubrir as razóns desta amizade de

²³ Simpatizante de Hedilla, Faupel tivera que renunciar ao seu posto en España no 1937, pero, segundo di Bowen (2000: 41), continuou coas súas actividades no Instituto ibero-americano de Berlín.

Sponer coa súa familia e a constatar como en certo modo o preso de Neuengamme debía a súa vida a Margot. A información que obtiven vén de tres fontes principais: os propios escritos de Bernard Morey²⁴ a modo de memorias, as «memorias» doutro membro da familia moi amigo de Margot chamado Roger Louis Dupuy²⁵ casado cunha irmán de Bernard e a conversa que puideron ter o 31 de marzo de 2012 con Marc Morey²⁶ sobriño de Bernard e que coñeceu a Margot e sendo un rapazolo viaxou con ela a Berlín.

Bernard Morey vivía e nacera (1914) en Cuiseaux, unha pequena comuna duns 1800 habitantes pertencente ao departamento de Saône-et-Loire (Borgoña) pero que forma parte da paisaxe do Jura non moi lonxe da fronteira suíza. Era unha familia burguesa, coma a de Sponer, que posuía negocios importantes na industria dos matadoiros e venda de carne.

A orixe da relación entre Margot Sponer e a familia Dupuy/Morey comeza por casualidade unha noite do 25 de Decembro de 1930²⁷ nunha vila chamada Les Baux de Provence (Departamento de Bouches du Rhône) non moi lonxe de Avignon (Dupuy 1975: 52 ss). Nesta vila subsistían —e subsisten aínda— unha serie de tradicións rituais en particular unha misa de Noiteboa onde se integran elementos teatrais e folclóricos en lingua provenzal (o antigo rito do «pastarage» con ofrendas dos pastores, etcétera). A celebración comezaba daquela a ter un certo atractivo «turístico» que se foi incrementando ata o día de hoxe. Margot Sponer desprazárase dende Alemaña para asistir a estes actos de interese para ela lingüístico e etnográfico e alí coñeceu a R. Louis Dupuy (que como dixeran estaba casado cunha irmán de Bernard Morey) porque todos se aloxaron no mesmo lugar, o Hotel de la Reine Jeanne, o único que había daquela en Baux de Provence e que aínda existe segundo comprobei.²⁸ Dupuy que é un escultor que sentía grande atracción pola Provenza e tamén un grande empresario como iniciador da publicidade no período entreguerras que faría unha gran fortuna despois da segunda guerra mundial. Tiña unha axencia de publicidade importante con sede en París, Avenue Marceau.²⁹ Vemos como describe Dupuy (1975: 157)³⁰ a actividade de Sponer:

Volvamos atrás a 1932. Aquel ano durante a súa primeira estancia nos Baux, a noite de Nadal [...] R.[oger] L.[ouis] coñecera a Margot Sponer. Era unha intelectual berlinesa antinazi, profesora de linguas Románicas na Universidade de Berlín. Notablemente intelixente, estaba especializada na confección de

²⁴ Existen varias edicións destas memorias (cf. Bibliografía). Cito por Morey 1976 que puideron consultar.

²⁵ R. L. Dupuy redactou un texto de 365 páxinas que permanece inédito e que conserva a familia de Marc Morey. Dupuy debeu facer varios exemplares, un dos cales puideron conseguir nunha librería de vello.

²⁶ A familia Morey compoñíase dos irmáns Henri (pai de Marc que nacera en 1924 co que me entrevistei), Colette, Elise (casada con Dupuy), Gaby (casada co moi coñecido daquela director de orquestra Charles Bruck), e Bernard (nacido en 1914, o membro da resistencia preso en Neuengamme). O meu agradecemento para Monsieur Marc Morey e para a súa dona Madame Berthyle Morey e tamén para Frédéric Morey, irmán de Marc, cos que puideron conversar na súa casa de Lons-le-Saunier, na Borgoña, moi preto de Cuiseaux onde Bernard foi alcalde.

²⁷ Tomamos este dato de Dupuy non fiable en todo porque na p. 51 data este encontro en 1930 e na p. 157 fala de 1932.

²⁸ Bernard Morey (1987: 182) fai tamén referencia a este primeiro encontro con Sponer neste hotel «de la Reino Jano». Sponer volvería con frecuencia aos Beaux de Provence coa familia (Morey 1987: 281).

²⁹ Dupuy, que fixera unha grande fortuna coa súa axencia de publicidade, volvería con frecuencia aos Beaux e, segundo me contou Marc Morey, terminaría comprando unha propiedade en Fontvieille, lugar coñecido por ser a patria de Daudet e das súas *Lettres de mon moulin*.

³⁰ O texto de Dupuy está redactado en 3ª persoa. Tradución miña.

atlas lingüísticos. Curioso traballo de documentación a cabalo entre a xeografía, a historia e o estudo das linguas e dialectos practicados polos habitantes das rexións de tradición románica repartidos sobre a zona norte do Mediterráneo: España, Portugal, Cataluña, provincias occitanas, Languedoc, Provenza, Savoia, Lombardía, Piemonte, Italia, Baleares, Córsega, Sardeña, Sicilia, Romanía.

Margot percorría estes diversos países como podía, ás veces dacabalo dun burro cando se trataba de rexións remotas como os confíns de España ou Portugal. Ás veces acompañábana os párrocos locais. Dirixíase no seu dialecto local aos paisanos que encontraba no camiño, designáballes unha serie de obxectos familiares (cadeira, mesa, casa, carreiro, tellado, animais domésticos, vestidos habituais, etc.) e preguntáballes: «Como chamades isto?». Anotaba coidadosamente as respostas sobre mapas mudos que levaban o trazados dos vales, as pendentes das montañas, as beiras dos ríos e dos mares, utilizando para iso caracteres fonéticos da lingüística internacional.

Desta maneira chegaba a descubrir, a través dun número incalculable de diferenciacións, de aproximacións, de distorsións e transferencias, os movementos da linguaxe reveladores dos movementos da poboación. Este traballo beneditino estaba destinado aos historiadores especializados no estudo de fluxos e refluxos do hábitat, das invasións, dos rexeitamentos de clans, en fin, de todo tipo de mutacións, fortuitas, benévolas ou impostas.

Trátase obviamente do punto de vista dun profano no tema, pero tamén de alguén que viu seguramente e apreciou este traballo de Margot do que non se tiña apenas noticia.

A partir daquela data Sponer fíxose moi amiga, non só de Dupuy, senón de toda a familia da súa dona (Élise), a familia Morey. R. L. Dupuy, recibía con frecuencia na súa casa de París a Margot que tamén visitaba aos Morey en Cuiseaux. Sponer acolleu e guiou en Berlín a Dupuy cando este se trasladou alí en 1933 para participar nun congreso da Publicidade. Por mediación dela a familia Morey aloxou un preceptor alemán chamado Siegfried Schneider que fixo amizade con Marc. En 1938 Margot recibiu en Berlín, para seguir clases de alemán durante dous meses do verán, a catro primos entre os que estaban dous dos fillos adolescentes de R. L. Dupuy e tamén a seu primo Marc Morey que me contou que con catorce anos estivera nun vello liceo³¹ «chic» de Berlín cuxo director era antinazi e falaba francés; fixeran a viaxe París-Berlín en tren acompañados por Margot quen aloxaba o fillo máis novo de Dupuy nun estudio no que vivía e no que Marc lembra ter comido ás veces. Os demais rapaces estaban con familias burguesas alemás. «Eran familias da boa burguesía alemá todas moi nazis necesariamente». Marc recordaba aos seus 88 anos con ironía que el, que viña dunha familia da industria da carne, fora parar á familia do dono duns matadoiros de Berlín. Marc contoume algunhas lembranzas de Berlín: unha viaxe a Copenhage que fixo cos outros rapaces («nós solos», indica), ter visto desfilar a Hitler con Horthy o líder conservador e «rexente» húngaro,³² ter asistido coa súa familia que o recibira moi ben a acontecementos deportivos no estadio olímpico coa presenza de Hitler e en xeral a gran tensión política da época³³ até o punto de que seu pai estivera a punto de ilos buscar a Berlín en coche. De feito a estancia de dous meses prevista en Berlín acurtouse por culpa de que a guerra xa se vivía como algo inminente.

Como é sabido, Alemaña invade Francia en xuño de 1940 e o 22 do mesmo mes o goberno francés asina o armisticio que establece a división do país en dúas zonas: unha

³¹ O liceo onde estiveron estaba na Dorotheenstrasse moi cerca da grande avenida Unter den Linden onde se atopa a Universidade na que ensinaba Margot. Marc recorda que durante os descansos das clases ían a Unter den Linden a un distribuidor automático da época do que se podía sacar viño do Porto...

³² Horthy visitou Berlín en agosto de 1938.

³³ Hitler, no poder dende había catro anos, anexionara Austria no mes de marzo deste ano e comezaba a forte presión sobre Checoslovaquia.

zona ocupada que se sitúa no norte e oeste incluíndo París e Bordeos e unha franxa costeira ata Hendaia, e unha chamada «zona libre» situada no suroeste con capital en Vichy, residencia do goberno de Petain. A pequena vila de Cuiseaux atópase en «zona libre». Alí viñérase refuxiar R. L. Dupuy pois os alemáns ocuparan os locais da súa axencia de publicidade de París. E neste contexto atopamos de novo a Margot Sponer que, segundo conta Dupuy (1975: 165-166) nas súas memorias, escribe ás autoridades alemás en 1943 e logra que lle devolvan os seus locais. «Era aínda a época en que querían coidar a súa imaxe en Francia de invasores *correctos*».

En Cuiseaux, Bernard Morey (1978: 124 ss.) entra en contacto coa resistencia a finais de 1941 e comezan as actividades clandestinas ao ano seguinte. Empezan preparando un terreo, que había que iluminar pola noite con fogatas, onde aterran pequenos e medianos avións ingleses anunciados por medio de claves transmitidas por radio, con materiais e armas que agochan e logo distribúen. Unha tarefa relativamente liviá, ata que en novembro do 1942 a zona libre desaparece sendo ocupada directamente polos alemáns. Entón a actividade vólvese moi perigosa pero as aterraxes continúan xunto coas sabotaxes de trens con armamento alemán, etcétera, por parte da resistencia moitos de cuxos membros ao seren detidos son torturados e fusilados. Bernard Morey (1978: 151) é detido o 28 de abril de 1944 pola Gestapo de Lons-le-Saunier, cidade próxima a Cuiseaux. O risco de fusilamento era inminente e, segundo me contou Marc Morey (o sobriño de Bernard, do que veño falando), toda a familia se puxo en movemento para tratar de salvarlo. Bernard (1975: 156 ss.) é interrogado e torturado brutalmente nos locais da Gestapo de Lons para saber os nomes dos seus cómplices, xefes e actividades da resistencia incluíndo un simulacro de fusilamento sen que lograsen que falase. Dupuy indica que de novo recorreron a Margot Sponer quen logrou establecer un contacto con dous oficiais alemáns en París un dos cales era o pai dun dos rapaces que Dupuy recibira na súa casa cando os seus fillos foran a Berlín e coñecía o xefe da Gestapo en París. Polo seu lado Marc Morey contoume que el mesmo que daquela vivía en París, recorreu a un amigo seu alemán, o Siegfried Schneider do que xa falei, o preceptor alemán da familia que Sponer lles procurara en 1937 e oficial da Wehrmacht naquel momento. Marc Morey lembraba terse entrevistado con el en Senlis³⁴ onde este oficial estaba destinado. «Recordo perfectamente que me dixo: teño un primo de alta graduación co que che prometo que me vou entrevistar pero non che podó garantir o resultado». Sexa como fose a intervención de Sponer,³⁵ Bernard Morey (1975:158-160), despois do simulacro de fusilamento, librouse da morte e foi deportado o 2 de maio de 1944 cara a Compiègne (ao norte de París) dende onde os presos eran reconducidos e distribuídos nos campos alemáns. Bernard chega ao campo de concentración de Neuengamme (preto de Hamburgo) o 7 de xuño nun convoi de 3.000 persoas despois dunha viaxe indescribible na que xa perecera o 5 por cento dos viaxeiros.

O 10 de febreiro de 1945 Margot Sponer logra contactar con Bernard Morey³⁶ segundo el mesmo conta nos seus libros:

³⁴ Pequena cidade a 40 quilómetros ao norte de París.

³⁵ Bernard Morey (1987: 229 e 281) fai tamén referencia á intervención de Sponer a través de oficiais do exército alemán en París.

³⁶ Bernard Morey (1978: 206 ss.) será liberado polos ingleses o 3 de maio e regresará a Cuiseaux onde será alcalde (de 1954 a 1977) e retomará os seus negocios.

Finalmente só unha das miñas postais chega ao seu destinatario, unha moi boa amiga da nosa familia, Margot Sponer, profesora na Universidade de Berlín. Respóndeme, con data de 10 de febreiro de 1945, dándome noticias de toda a miña familia que ela se procurara a través de Suíza. Recibo dela un paquete que non contiña máis ca unha bola de pan, o resto fora roubado así como os cincuenta marcos que ela me anunciaba. Conservei esta carta³⁷ da miña querida Margot, anti-nazi notoria, que foi decapitada co machado nos últimos días de Berlín polas S.S. (Morey 1978: 199).

Bernard Morey di textualmente «décapité à la hache» o cal non puidemos confirmar con outras informacións pero coincide co que expresa Dupuy (1975: 170) nas súas memorias:

En canto a Margot, pobre querida Margot, vítima da súa valentía, será denunciada e decapitada co machado en xuño do 44, cando regresaba dunha misión en España. R[oger] L[ouis] na viaxe de ida recibiraa en París e tratara en van de persuadila de esconderse en Madrid. «Para que, respondera ela, encontrarame onde queira que estea».

Talvez a información de Morey sobre a morte de Sponer estea tomada de Dupuy que á súa vez erra na data, pero en todo caso o texto parece revelar que nestes anos, despois da súa expulsión da Universidade, Margot era dalgunha maneira controlada e seguida polas autoridades nazis. Non sabemos nada máis desta viaxe a España nin da súa finalidade, como tampouco se sabe nada sobre as características concretas das súas actividades clandestinas. Algún investigador (Bott 2009: 124) pon en relación os problemas de Margot coa Gestapo co que ela sabía a partir do seu traballo de tradutora no Ministerio de Exteriores. En todo caso hai un dato interesante que aduce A. Vogt no seu estudo (ib.: 142) que consiste en que, cando no 1944 despois do atentado contra Hitler do grupo de von Staufenberg, a Gestapo buscaba na casa da familia en Berlín o tenente Kunrat von Hammerstein que co seu irmán Ludwig³⁸ participara na conspiración, «a súa veciña, a antiga profesora de español na Universidade de Berlín, Dra. Margot Sponer, foi onde a súa nai, a viúva do xeneral barón Kurt von Hammerstein, un coñecido oponente a Hitler, e ofrecéuselle para axudar ao fuxitivo». É de supoñer que, ao ofrecer a súa axuda, tería algún tipo de relación coa familia e algúns medios para poder axudar, pero non sabemos nada máis concreto.

O que si se coñece agora con moitos máis detalles son as circunstancias da morte de Margot Sponer segundo informa Annette Vogt no seu traballo de 2007 e na súa tradución

³⁷ Traduzo algunhas pasaxes desta carta do 10/02/45 que Bernard Morey insire no seu segundo libro de memorias (1987: 282):

Querido Bernard,
 Estou moi contenta de ter por fin recibidas noticias túas que sempre esperei moito.
 Se todo vai ben, mandareiche un paquete, aínda que penso que iso é difícil, porque, en xeral, non se poden mandar. Con todo vouche xirar 50 marcos para que compres o que poidas no campo. Interesarache saber como vai a familia [...].
 Teño moita pena e pásoo moi mal, pero evoco con alegría as felices horas pasadas en Cuiseaux e espero que todo iso aínda volverá. Escribe pronto.
 Saúdos afectuosos
 Margot Sponer

³⁸ O lector interesado pode consultar o libro de H. M. Enzensberger (2008).

inglesa de 2011 (143 ss.) que consultei. Esta investigadora encontra no Arquivo Municipal de Berlín unha carpeta con papeis dunha enquisa xudicial que se fixera sobre o caso porque en 1947, despois da caída do réxime nazi, unha amiga de Margot que vivía no sector soviético presentou unha denuncia contra unha veciña da profesora da que sospeitaba que a denunciara á Gestapo. A denuncia foi presentada no sector soviético mentres que a maioría das testemuñas vivía no sector británico. Margot vivía nun piso do cónsul da Arxentina, amigo seu, con outras persoas, cuxos apartamentos foran bombardeados, e que declaran no proceso que se celebrou. Polas súas afirmacións coñécense algúns detalles do que aconteceu. O 27 de abril (1945), cando o Exército Roxo xa ocupaba varios distritos de Berlín (Hitler suicídase o 30 e a cidade renderíase o 2 de maio), tres homes con uniforme das SS veñen ao apartamento onde vivía o grupo, deteñen e levan a Margot. Algunhas das testemuñas informaron no proceso que Margot xa tiña medo de ser arrestada. Ao día seguinte regresan dous deles para buscar nos seus papeis e ao mesmo tempo anuncian aos veciños que xa non vivía. A conclusión do proceso foi que non había probas seguras contra a veciña denunciada, porque Margot xa tivera problemas con anterioridade coas SS, e que o asasinato puidera ser o resultado da información da que os nazis xa dispoñían máis ca froito da delación. O caso é que o comezo da guerra fría e a separación da cidade en dous sectores cada vez máis comunicados paralizou investigacións ulteriores.

Aquela Margot Sponer «leda e rideira» extravertida e servizal que recibía os galegos que pasaban polo «Romanisches Seminar» en Berlín e que comezara a súa carreira neste país estudando a lingua galega na súa fala e nos seus documentos con minuciosidade e rigor, foi tamén unha persoa cuxa integridade moral a levou a un combate consciente que moi poucos naquel contexto da Alemaña fascista se atreveron a asumir e que lle custou a súa vida. Merece quedar entre nós a súa memoria.

BIBLIOGRAFÍA

Abad Nebot, Francisco (2010), «La Escuela filológica de Menéndez Pidal», in Mainer, José-Carlos (ed.), *El Centro de Estudios Historicos (1910) y sus vinculaciones aragonesas (con un homenaje a Rafael Lapesa)*, Institución «Fernando el Católico» (C.S.I.C.), Diputación de Zaragoza, pp. 91-113.

ABC, Redacción (1928), «Huesped ilustre», 20-2-1928, p. 24.

ABC, Redacción (1931) «El Sr. Gamillscheg en el Centro de estudios Históricos», 20-10-1931, p. 34.

ABC, Redacción (1941) «Viaje a Alemania de la delegada nacional de la sección femenina» 3-9-1941, p. 11.

Alonso, Dámaso (1972), *Obras Completas, I, Estudios lingüísticos peninsulares*, Gredos, Madrid.

Assía, Augusto (1929) «Crónica de Berlin. España en las universidades alemanas». *La Vanguardia*, 22-10.

Ayala, Francisco (1988), *Recuerdos y olvidos*, Alianza Editorial, Madrid.

Bertaux, Pierre (2001), *Un normalien à Berlin; lettres franco-allemandes (1927-1933)*, Publications de l'Institut Allemand d'Anières, Université de la Sorbonne Nouvelle, Paris, París.

Boletín de la Real Academia Gallega, Redacción (1926), n.º 188, 201-202 (<http://www.realacademiagallega.org/imaxin-boletins-web/paxinas.do?id=567&d-447263-p=1>)

Bolletí del Diccionari de la Llengua catalana. Revista de lingüística, folklore i literatura, Redacción (1934), t. XVI, n.º 1, p. 159.

Bott, Marie-Luise (2009), *Die Haltung der Berliner Universität im Nationalsozialismus*, Humboldt-Universität, Berlin.

Bouza Álvarez, José Luis (1982), ed., *Fermín Bouza-Brey Trillo, Etnografía y Folklore de Galicia I*, Edicións Xerais de Galicia. Vigo.

Bouza-Brey Trillo, Fermín (1954), «Os cesteiros galegos de Mondariz e a súa fala gremial», *Homenaje a Fritz Kruger* t. II, Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza. Texto reproducido en Bouza Alvarez (1982).

Bowen, Wayne H. (2000), *Spaniards and Nazi Germany. Collaboration in the new order*, University of Missouri Press, Columbia e Londres.

Corominas, Jordi, Vicens Xavier, Joan Albert (2006), *Zubiri: la soledad sonora*, Madrid Taurus-Santillana.

Dupuy, Roger Louis, (1975), *Souvenirs en vrac vaguement mis en ordre* (inédito).

El Pueblo Gallego, Redacción (1926), n.º 838 (10 de outubro).

El progreso: Semanario independiente, Redacción (1926), n.º 9529 (12 de outubro).

El Norte de Castilla, Redacción (1942), «Lenguas y culturas del mundo luso-hispano e ibero-americano en la Universidad de Berlin», 27-01, p. 3.

Enzensberger, Hans Magnus (2008), *Hammerstein oder Der Eigensinn*, Suhrkamp Verlag, Frankfurt. Tr. esp. (2012) *Hammerstein o el tesón*, Anagrama, Barcelona.

Fernández Armesto, Felipe (1929), «Galicia en Berlin. Fraulein Sponer», *El Pueblo Gallego*, n.º 1556 (14 febreiro).

Hera Martínez, Jesús de la (2002), *La política cultural de Alemania en España en el período de entreguerras*, CSIC, Madrid.

Iglésias, Narcís (2004), *Una revisió de Fabra, una crítica a la norma. L'obra lingüística de Josep Calveras*, Universitat de Girona. Institut de Llengua i Cultura Catalanes, Girona.

Iglésias, Narcís (2005), «L'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura», *Llengua & Literatura*, v. 16, pp. 289-361.

Iglésias, Narcís (2007), *Epistolari de l'Oficina romànica*, Publicacions de l'Abadía de Montserrat, Barcelona.

Maushart, Marie-Ann (2011), *Hertha Sponer: A Woman's Life as a Physicist in the 20th Century «So you won't forget me»*. Department of Physics, Duke University, Durham, North Carolina.

Mato, Alfonso (2001), *O Seminario de Estudos Galegos na documentacion que garda o Instituto Padre Sarmiento*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña.

Menéndez Pidal, Ramón (1919), *Documentos lingüísticos de España, I.: Reino de Castilla*, Centro de Estudios Históricos, Madrid.

Moll, Francesc de Borja (1935), «Dr. Margot Sponer. «*Libre de Consolació de l'Ermità*» von R. Lull. Kritische Ausgabe. Bosch, Casa editorial. Barcelona, 1935. — 34 pàgines», in *Bolletí del Diccionari de la Llengua catalana. Revista de lingüística, folklore i literatura*, Redacción, t. XVII, n.º 1, p. 138-139.

Morey, Bernard (1978), *Le voyageur égaré*, Ed. do autor (Imprimerie Carducci), 2ª ed. 437 páx.

Morey, Bernard (1981), *Le voyageur égaré*, Editions France-Empire, París (326 páx.).

Morey, Bernard (1987), *Memoires d'aoutre-vies*, Editions des Grands Ducs, Dijon.

Nós, Redacción (1926), «Os homes, os feitos, as verbas, M. Margot Sponer», n.º 35, p. 10.

Nós, Redacción (1931), «Os homes, os feitos, as verbas», n.º 94, p. 195.

Risco, Vicente (1931), «Da Alemaña. III Berlin», *Nós*, n.º 96, pp. 228-234.

Seminario de Estudios Gallegos (1934), *Dez cursos de traballo 1923-1934*, Compostela.

Sponer, Margot (1927), «Algunhas notas sobre os meus estudos de filoloxía galega», *Nós* 37, 2-3.

Sponer, Margot (1927b), «Diccionario de la Lengua Española», recensión, *The Modern Language Journal*, 11, 6, pp. 391-395.

Sponer, Margot (1934), «Documentos antiguos de Galicia», *Anuari de l'Oficina Romànica de Lingüística i Literatura (Barcelona)*, 7, pp. 113-192 (1-80).

Sponer, Margot (1935a), «*Llibre de Consolació d'Ermità*» Von R. Lull. *Kritische Ausgabe*, Bosch, Estudis Franciscans, Barcelona.

Sponer, Margot (1935b), *Altgalizische Urkunden*, Tese de doutoramento, Berlín.

Tobío, Lois (1994), *As décadas de T.L.*, Edición do Castro, Sada.

Vogt, Annette (2001), *Eine vergessene Widerstandskämpferin, Die Wissenschaftlerin Margot Sponer (1898-1945)*, Edition Luisenstadt, Berlinische Monatsschrift Heft 5/2001. (www.berlinische-monatsschrift.de). Berlín.

Vogt, Annette (2007), «Die Lehrbeauftragte Margot Sponer», in *Vom Hintereingang zum Hauptportal? Lise Meitner und ihre Kolleginnen an der Berliner Universität und in der Kaiser-Wilhelm-Gesellschaft*, Franz Steiner, Stuttgart.

Vogt, Annette (2011) «4.8 The Fate of Hertha's Sister, Margot Sponer», in Marie-Ann Maushart, *Hertha Sponer: A Woman's Life as a Physicist in the 20th Century* «So you won't forget me». Department of Physics, Duke University, Durham, North Carolina, 2011, pp. 139-146.